

 Seminario Galán.org



*Antonio Fraguas Fraguas*



# 4º de Ed. Primaria Día das Letras Galegas 2019

# ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

## 3º e 4º de Educación Primaria



Antonio Fraguas Fraguas naceu nunha aldea do concello de Cotobade, en Pontevedra, o 28 de decembro de 1905.

Era fillo de Manuel, emigrante en Brasil, e Teresa. Os estudos primarios realizounos na súa aldea e nunha escola «de pago» dos arredores, trasladándose, xa de mozo, a Pontevedra a facer o bacharelato e a Santiago a estudar Filosofía e Letras.

De estudante comezou a interesarse polas cousas de Galicia: os seus costumes, o folclore, a xeografía... chegando a crear a Sociedade da Lingua para a defensa do idioma galego.

Traballou como profesor na Facultade de Xeografía e Historia e como catedrático nos institutos da Estrada, Lugo e Santiago.

Foi membro do Instituto de Estudos Galegos e primeiro director do Museo do Pobo Galego de Santiago de Compostela.


É autor dunha chea de libros e artigos en revistas e xornais, tendo todos eles a Galicia como tema: *Lugo*, *Castelao en Cotobade*, *Algunhas cantigas do mar*, *Galicia Máxica*...

En 1956 ingresa na Real Academia Galega e pasa a ocupar a cadeira que fora de Castelao.

Este ano Antonio Fraguas é o autor homenaxeado no Día das Letras, recoñecendo así toda unha vida adicada á defensa dos costumes, das tradicións e do idioma galego.




ANTONIO FRAGUAS, CANDO TIÑA 20 ANOS E ESTUDABA NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO.



EN «GALICIA MÁXICA» RECÓLLENSE NUMEROSAS LENDAS E TRADICIÓN DO NOSO PAÍS.

# ACTIVIDADES

1.- Resolve este encrucillado relacionado coa biografía de Fraguas.



## VERTICAIS

A.- Concello onde naceu Antonio Fraguas.

B.- Tema principal das súas obras.

## HORIZONTALAIS

1.- Cidade onde estudou o bacharelato.

2.- Cidade na que fixo os estudos de Filosofía e Letras.

3.- Profesión do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas.

4.- Intelectual e político galego que ocupou a mesma cadeira que Antonio Fraguas na Real Academia Galega.

5.- Cargo que ocupou no Museo do Pobo Galego.

VERTICAIS: A.- COTOBADE B.- GALICIA  
HORIZONTALAIS: 1.- PONTEVEDRA 2.- SANTIAGO 3.- PROFESOR 4.- CASTELAO 5.- DIRECTOR








2.- Completa esta táboa. Fíxate ben nas «pistas».

PREGUNTA QUE DEBO FACER...	PARA QUE SEXA ESTA A RESPONSTA .
	<b>Cotobade</b>
	<b>Pontevedra</b>
<i>Onde estudou Filosofía e Letras?</i>	
	<b>Para a defensa do idioma galego</b>
<i>Onde traballou como catedrático?</i>	
	<b>No Museo do Pobo Galego</b>
<i>Cales son algunhas das súas obras que teñen a Galicia como tema?</i>	
	<b>En 1956, na cadeira de Castelao</b>
<i>Que é o que se lle recoñece a Antonio Fraguas ao dedicarlle o Día das Letras Galegas?</i>	








3.- En *Galicia Máxica* recóllense algunhas lendas e tradicións de Galicia. Ocorrésече algunha outra lenda que se poidera incluír neste libro?









4.- Segue o código e completa o título dunha obra de Antonio Fraguas.


M	G	A	C	X	I	L
						

Correo Gallego  
 Antonio Fraguas  


5.- Traballou nos institutos de Lugo, A Estrada e Santiago. Se Antonio sae de Lugo e vai primeiro para Santiago e despois vai A Estrada e finalmente volve a Lugo, cantos quilómetros percorre ese día? E cantos quilómetros percorrería nos cinco días lectivos da semana?

**LUGO-SANTIAGO** ——— 115 km.  
**SANTIAGO-A ESTRADA** — 25 km.  
**A ESTRADA-LUGO** ——— 135 km.



**TEXTOS ANTONIO FRAGUAS  
LETRAS GALEGAS 2019**

**ACTIVIDADES  
4º EDUCACIÓN PRIMARIA**

# SAN ANDRÉS DE TEIXIDO

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS


Meu divino San Andrés  
que estás no cabo do mundo,  
só por te ver, meu Santo,  
tres días hai que non durmo.

Fun ao San Andrés de lonxe  
cunha cesta na cabeza,  
fun por mar e vin por terra,  
meu santiño mo agradeza.

Pasei a Ponte do Porco,  
paseille a man polo lombo,  
meu divino San Andrés,  
o voso camiño é longo!

Meu divino San Andrés,  
onde te foron levar,  
entre penas e penascos  
alá no medio do mar!

Ai, señor San Andresiño,  
onde te foron poñer:  
aló no cabo do mundo,  
onde non te poido ver!



# ACTIVIDADES

1.- Por que pobo pasou o protagonista do poema?

---

2.- Por onde lle pasou a man?

---

3.- Como di que é o camiño?

---

4.- Entre que rochas puxeron ao San Andrés?

---

5.- Completa o dito popular.

**O QUE NON FOI DE VIVO.**

**A SAN ANDRÉS DE TEIXIDO**

**VAI DE MORTO**

---

6.- Que significado ten o dito popular do exercicio anterior?

---

---



7.- Este é o ideograma de San Andrés. Cambia os debuxos por palabras e escribo debaixo.

**FUN AO SAN ANDRÉS DE LONXE**

**CUNHA**  **NA** 

**FUN POR**  **E VIN POR** 

**MELI SANTIÑO MO AGRADEZA.**



---

---

---

---

---

8.- Onde está, segundo o texto, San Andrés?

---

9.- Que levaba na cabeza o protagonista do poema?

---

10.- Na última estrofa dise que San Andrés está no «cabo do mundo». Que significado ten esta expresión?

---

11.- I mos de turismo rural?

<b>ALOXAMENTO</b>	45 €
<b>ALMORZO</b>	7 €
<b>XANTAR</b>	12 €
<b>CEA</b>	10 €

**CASA CATUXA**

<b>PENSIÓN COMPLETA</b>	74 €
<b>REBAIXA</b>	5 €

<b>ALOXAMENTO</b>	65 €
<b>ALMORZO</b>	4 €
<b>XANTAR</b>	15 €
<b>CEA</b>	8 €

**CASA A FONTE**

<b>PENSIÓN COMPLETA</b>	92 €
<b>REBAIXA</b>	25 €

<b>ALOXAMENTO</b>	50 €
<b>ALMORZO</b>	5 €
<b>XANTAR</b>	8 €
<b>CEA</b>	10 €

**CASA NAVEIRAS**

<b>PENSIÓN COMPLETA</b>	73 €
<b>REBAIXA</b>	5 €



- Cal é a casa máis barata? Colorea.
- En pensión completa, cal é a máis cara? \_\_\_\_\_
- Canto gastariades catro persoas en pensión completa en cada unha das casas rurais?

<b>CASA CATUXA</b>	€	<b>CASA NAVEIRAS</b>	€
		<b>CASA A FONTE</b>	€

# O CLIMA DE GALICIA

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

Galicia é un país de clima marítimo, de choivas abundantes durante as catro estacións, máis abundantes nos fins de outono e no inverno con moitas zonas de microclima de acordo co relevo e a distancia a que se atopa do mar que fai variar a cantidade de choiva e máis a humidade.

Non fallan as neves nas cimas montesías, neves que fan axiña a súa aparición e chegan deica o mes de maio. Certos lugares como Pena Trevinca, Ancares e Cabeza de Manzaneda teñen as correspondentes instalacións deportivas. Pero moitas terras galegas non ven a neve máis que despois de catro ou cinco anos sen caer unha nevarada e nas que a neve aparece con pouca frecuencia.



# ACTIVIDADES

1.- En que consiste o clima marítimo galego?


---

2.- Que tipo de clima ten Galicia?

---

3.- Como son as súas choivas?

---



4.- En que estacións son máis abondosas as precipitacións?

---

5.- De que factores dependen os microclimas?

---

6.- Mesmo ata que mes poden chegar as nevaradas a Galicia?

---

7.- Que tipo de instalacións terán Pena Trevinca e Cabeza de Manzaneda?

---

8.- Cantos anos poden pasar en certas zonas ata que cae unha nevarada?

---

9.- Relaciona e colorea da mesma cor a palabra e a súa definición.

**CLIMA**

**ESTADO DA ATMOSFERA NUN MOMENTO DADO.**

**TEMPO**

**CONXUNTO DE CONDICIÓNS ATMOSFÉRICAS DUNHA REXIÓN OLI PAÍS.**

10.- Observa a táboa dos valores máximos de precipitacións acumuladas durante o ano 2017 e contesta o cuestionario.

ESTACIÓN	CONCELLO	PROVINCIA	PRECIPITACIÓN
MURALLA	LOUSAME	A CORUÑA	1992 l/m <sup>2</sup>
FORNELOS DE MONTES	FORNELOS	PONTEVEDRA	1906 l/m <sup>2</sup>
PEREIRA	FORCAREI	PONTEVEDRA	1717 l/m <sup>2</sup>
XESTEIRAS	CUNTIS	PONTEVEDRA	1704 l/m <sup>2</sup>
FONTECADA	Sta. COMBA	A CORUÑA	1680 l/m <sup>2</sup>
LABRADA	ABADÍN	LUGO	1675 l/m <sup>2</sup>
CESPÓN	BOIRO	A CORUÑA	1658 l/m <sup>2</sup>
CASTROVE	POIO	PONTEVEDRA	1597 l/m <sup>2</sup>
ENTRIMO	ENTRIMO	OURENSE	1576 l/m <sup>2</sup>
LESENDE	LOUSAME	A CORUÑA	1572 l/m <sup>2</sup>

A.- En que provincia se recolleron máis precipitacións no ano 2017?

---

B.- En que estación e localidade se rexistrou a maior precipitación por metro cadrado?

---

C.- En cal das catro provincias galegas se recolleu unha menor precipitación durante o 2017?

---

D.- Cal é a diferenza de litros por metro cadrado entre as estacións da provincia da Coruña e as de Pontevedra?

---

11.- Resolvemos este problema? Se queremos ir esquiar á estación de Cabeza de Manzaneda e somos catro, canto gastaremos diariamente?


**VIAXE / PERSOA** 20 €  
**ALUGUER DE ESQUÍS / PERSOA** 30 €  
**ALOXAMENTO / PERSOA** 35 €  
**ALMORZO / PERSOA** 5 €  
**XANTAR / PERSOA** 15 €  
**CEA / PERSOA** 10 €  
**GASTO TOTAL DIARIO** €

12.- No idioma galego temos máis de cen palabras para referirnos á chuva. Poderías localizar dez delas nesta sopa de letras?

- CEBRA
- ARROIADA
- CHUVASCO
- BATEGADA
- BASTO
- CHUVIEIRA
- BALLÓN
- CEBRINA
- CHUVASCADA

F	C	H	U	V	A	S	C	O	C	X
B	Z	H	L	C	B	M	H	G	V	N
A	R	R	O	I	A	D	A	X	L	C
T	S	L	G	Z	S	S	P	F	A	E
E	V	H	M	D	T	B	A	Z	R	B
G	B	A	L	L	O	N	R	D	N	R
A	X	M	X	C	E	B	R	I	N	A
D	H	C	H	U	V	I	E	I	R	A
A	C	H	U	V	A	S	C	A	D	A

13.- Pena Trevinca mide 2.127 metros de altura. Contesta:



A.- Cantos centímetros son?

B.- E quilómetros?

14.- Os galegos temos unha chea de refráns sobre a chuvia. Explica o significado dos que aparecen nos recadros.

**O LABREGO QUERE O SOL NA PORTA E A CHUVIA NA HORTA.**

**SOL QUE REGAÑA, CHUVIA QUE APAÑA.**

**SOL MADRIGUEIRO, CHUVIA NO EIDO.**

15.- Elixo tres verbos que se refiran ao tempo atmosférico e elabora unha oración con cada un deles.

**NEVAR    ORBALLAR    CHOVER    SARABIAIAR    ARREFRIAR**

■ \_\_\_\_\_

■ \_\_\_\_\_

■ \_\_\_\_\_